

FERROL

VI Volta a Pé ao Cabo Prior-Covas

A Sociedade Cultural Columba e a Asociación Mesturas organizan esta mañá a sexta edición da Volta a pé ao cabo Prior-Covas. A actividade, de asistencia libre, terá a saída ás 10.30 horas desde o aparcadoiro da praia de Santa Comba, escenario no que tamén rematará sobre as 14.30 horas logo de facer o percorrido sinalado. A continuación haberá un xantar a base de churrasco no restaurante Beceiro para todas aquelas persoas que fixeran a reserva.

ORTIGUEIRA

A Banda Sinfónica pecha a súa xira "Música e valores"

A Banda Sinfónica de Galicia ofrece hoxe, ás 20.30 horas no Teatro da Beneficiencia de Ortigueira, o último concerto da súa xira "Música e valores", que foi presentada esta mesma semana no municipio ortegán e que levou á agrupación aos auditórios de Ribadeo e Sober. Neste "tour" da formación destacou a inclusión de obras de compositores galegos menores de 23 anos, como Carme Rodríguez, de Ribadeo, e Manuel Vázquez, de Cea, e a participación de solistas dos gañadores do concurso "Proxectando Sons".

Crónica cultural

JULIA M. DOPICO VALE

Clausura de "Música en Compostela"

Retorno de los peregrinos musicales a sus respectivas ciudades tras quince días de convivencia y música en Compostela compartiendo las excepcionales enseñanzas y experiencias en este curso de verano embajador en el mundo de nuestro rico patrimonio español, quedando ya para la memoria-individual y colectiva- momentos irrepetibles como los vividos en el "Homenaje a Joaquín Rodrigo" en el que participaron los jóvenes violinistas Isaac Pérez Y Marta Florit junto a la soprano Nerea Benavent, protagonista vocal de la edición acompañada por el piano de Itziar Barredo; el momento sagrado en el recital de piano de uno de los grandes, Josep M. Colom, cuya particular visión y profundización de las obras escogidas -*Diálogos con la Luna* de A. G. Abril, *Preludios* de Mompou o el monumento pianístico de la *Fantasia Baetica* de Manuel de Falla... nos transportó a un ambiente mágico, de belleza indescriptible. Excepcional también el violonchelista Marc Coppey, un asiduo en los grandes escenarios del mundo e invitado en los grandes festivales internacionales, que interpretó obras de Casals, Halffter, J. Nin y también Granados o Albéniz y la Real Filharmonía de Galicia, dirigida por el Maestro Zumalave, cuya entregada batuta nos aproximó a los compases de la *Obertura Festiva* de R. Halffter, la *Sinfonía en Re M* de Arriaga y música de los compositores gallegos (y muy celebrados) Andrés Gaos, con su *Suite a la Antigua y Bal y Gay* con la *Serenata para Cuerdas*. Ya para terminar y en el último día de curso el entusiasta concierto en el que los protagonistas fueron los alumnos becarios de las distintas cátedras (como ya es tradición) y en el que quedó patente el alto nivel técnico e interpretativo de los participantes. Entonando la melodía del más antiguo canto de peregrinos nos despedimos de la LXII edición de "Música en Compostela": "E Ultreya e susa-ya. Deus aia nos". ¡Que así sea!

Esmelle recuperou a tarefa da malla

Os veciños implicáronse un ano máis nunha celebración enmarcada na Semana Cultural

REDACCIÓN LUGAR

Na parroquia ferrolá de Esmelle os veráns son moi intensos. A activa asociación vecinal, con propostas durante todo o ano, intensifica nestes meses a súa programación de lecer para dinamizar a zona e, de paso, recuperar e poñer en valor vellas tradicións.

Con estes obxectivos celebrouse onte unha nova edición da Festa da Malla, na que veciños da parroquia recrearon, ataviados para a ocasión, a tarefa do campo na que se procedía á separación do gran do trigo. Fixéreron ade-mais cunha máquina de finais do século XIX restaurada pola propia entidade no marco do Proxecto Esmelle.

Logo da xornada de "traballo", foi o turno de descansar e repoñer enerxía coa sardiñada popular e música coa Disco Móvil VM. ●



A cita inclúise no programa da Semana Cultural, que concluirá o vindeiro día 17 coa Romería Castrexá | EMILIO CORTIZAS

Gran éxito de público no I Feirón de Viño organizado en Pontedeume pola comisión de festas das Peras

REDACCIÓN FERROL

Cun gran éxito de público e gran satisfacción por parte das adegas –preto dunha vintena– e outros postos participantes desenvolveuse onte a primeira edición do Feirón do Viño de Pontedeume organizado pola comisión de festas das Peras coa finalidade de recaudar fondos para as mesmas.

Os visitantes tiveron oportunida-

dade de combinar as variedades de caldos presentes na cita co xamón ibérico achegado por Luis Roca e os queixos de Campo Ca-pela e Queixerías do Eume.

"Isto é unha marabilla; nunca pensamos que puidera vir tanta xente", comentaban onte desde a organización. O encontro tivo lugar durante todo o día na Alameda de Raxoi, onde non faltou a música nin tampouco o sorteio de agasallos. ●



A feira desenvolveuse durante todo o día na Alameda de Raxoi | EMILIO CORTIZAS